



Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia

Modelo MD85ACO01

Guía do alumnado do CDAN

Curso: 2024 - 2025

Índice

1	Presentación do centro	3
1.1	Planos, localización e acceso	4
1.2	Oferta educativa	5
1.3	Organigrama funcional	5
2	Política de calidade	7
3	Dereitos e deberes do alumnado	8
4	Normas de convivencia no centro	9
5	Servizos do centro	10
5.1	Biblioteca	10
5.2	Uso de vestiarios e duchas	11
5.3	Local de alumnado	11
5.4	Local da ANPA	11
5.5	Distribución das aulas	11
5.6	Acceso	12
5.7	Portas de saída	12
6	Información de interese	13
6.1	Validacións e exencións	13
6.2	Faltas de asistencia	16
6.3	Traslado	17
6.4	Renuncia á matrícula	18
6.5	Bolsas	18
6.6	Programas de intercambio	18
6.7	Recursos informativos	18
6.8	Titulación en Ensinanzas Profesionais de Danza	19
6.9	Actividades complementarias, extraescolares e de promoción das nosas ensinanzas.	20
6.10	Uniforme	21
7	Normas en caso de evacuación	21
8	Calendario escolar	22
9	Horarios de atención educativa	23



1 Presentación do centro

O Conservatorio Profesional de Danza de Lugo é un centro público creado no ano 2003 en Lugo, onde non existía tradición en Danza Clásica nin en Danza Contemporánea, debido á inexistencia de escolas tanto de carácter privado como público, aínda que si, escolas e compañías de Danza Tradicional Galega.

É un centro de nova creación con instalacións axeitadas ás ensinanzas de danza, aínda que un pouco escaso de espazos; sendo o primeiro destas características dependente da Consellería de Educación da Xunta de Galiza.



No curso 2003/04 se implantaron os tres primeiros cursos de Grao Elemental. No 2005/06 o Grao Profesional na especialidade de Danza Clásica. No 2008/09 a especialidade de Danza Contemporánea no Grao Profesional. E dende o 2009/10, se solicitou permiso á Consellería de Educación para impartir un Curso Preparatorio previo aos estudos de Grao Elemental. É no 2011/12 cando se produce a implantación definitiva das ensinanzas, cos catro cursos de Grao Elemental e os seis cursos de Grao Profesional nas especialidades de Danza Clásica e Danza Contemporánea.

Cos espazos do centro a pleno rendemento con 8 grupos en grao elemental e 12 de grao profesional (un grupo por curso en cada especialidade), o centro decide que só poderá garantir horario para cursar simultaneamente as dúas especialidades de Danza Contemporánea e Danza Clásica no primeiro curso de Grao Profesional, agás na materia de Danza Clásica da especialidade de Danza Contemporánea (DCC).

Ao longo destes anos realízase unha grande labor de difusión do noso centro e na actualidade a demanda de prazas supera xa a nosa oferta educativa nos primeiros cursos.

No centro realízanse habitualmente diferentes actividades culturais e de promoción das ensinanzas co obxectivo de completar a formación do alumnado: actuacións, concursos, conferencias, asistencia a espectáculos, obradoiros e cursos de especialización.

1.1 Planos, localización e acceso



ACTIVIDADE E RISCO	
	Danza - Risco BAIXO
	Administrativo - Risco BAIXO
	Local de almacenamento - Risco MEDIO
	Local de almacenamento - Risco BAIXO
	Zona de equipo con RISCO ELÉCTRICO
	Materia COMBUSTIBLE e INFLAMABLE

Conservatorio Profesional de Danza de Lugo Ronda Múscos Xosé Castiñeira nº3 LUGO		
	TÍTULO: PLAN DE AUTOPROTECCIÓN	DEBUXADO: BW
PLANO: 2	TÍTULO PLANO: Distribución e risco Bala, planta baixa e planta primeira	DATA: XXVII ESCALA: 1/100

O conservatorio está situado na Ronda Xosé Castiñeira nº 3, 27002, Lugo.

Contacto: Tel.: 982 284704

Enderezo electrónico: conservatorio.danza.lugo@edu.xunta.gal



1.2 Oferta educativa

Estudos dirixidos a nenos e nenas a partir dos sete anos.

Para acceder a estes estudos é necesario superar unha proba que se realiza no mes de xuño e na que se valora as aptitudes físicas e expresivas do aspirante en relación coa danza, así como o seu sentido musical e idade idónea.

Pode accederse a calquera outro curso do grao elemental ou profesional superando unha proba de coñecementos das materias que compoñen o currículo dos diferentes cursos. Esta proba realizarase no mes de xuño.

- Grao Elemental: Consta de catro cursos onde se da unha formación básica coas materias de: Danza Clásica, Música, Danza Galega, Danza de Carácter , Iniciación a Danza Contemporánea e Iniciación a Danza Española e ao Baile Flamenco.

Ao finalizar este grao os alumnos obteñen un Certificado de Estudos Elementais.

- Grao Profesional: Consta de seis cursos que poden realizarse segundo catro especialidades: Danza Clásica, Danza Española, Danza Contemporánea e Baile Flamenco .

Neste centro ofrécese a posibilidade de cursar a especialidade de Danza Clásica e de Danza Contemporánea.

Ao finalizar este grao os alumnos obteñen o Título de Grao Profesional na especialidade cursada.

A finalidade das ensinanzas profesionais de danza ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores; o que proporcionará ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da danza.

O ensino da danza no grao profesional organízase nun grao de seis cursos de duración.

1.3 Organigrama funcional

Equipo Directivo	Directora: Cristina Lata Villoch Vicedirectora: Lucía Pérez Núñez Xefa de Estudos: Bárbara M ^a Piñeiro Vidal Secretaria: María Gil Martínez
Consello Escolar / Comisión de Convivencia	Lata Villoch, Cristina (Directora) Gil Martínez, María (Secretaria) Piñeiro Vidal, Bárbara (Xefa de Estudos) Felpete Facal, Maria da Alba (Representante do Profesorado) Matos Patiño, Nuria (Representante do Profesorado e secretaria da Comisión de Convivencia) Penado Alfonsín, Julia (Representante do Profesorado e Coordinadora do Benestar) Pichín Rodríguez, María (Representante do Profesorado) Ferreiro López, Ana Belén (Representante do Profesorado)



	<p>Felipe Rivas Jorge (Representante do Concello)</p> <p>Romero Torres, Mónica (Representante da ANPA)</p> <p>García Goyanes, Montserrat (Representante das familias)</p> <p>Nuñez López, Andrea (Representante do alumnado)</p> <p>Seoane Vilaseca, Cayetana (Representante do alumnado)</p> <p>Vila Veiga, Mireia (Representante do alumnado)</p>
Comisión de Coordinación Pedagóxica	<p>Lata Villoch, Cristina (Directora)</p> <p>Pérez Núñez, Lucía (Vicedirectora)</p> <p>Piñeiro Vidal, Bárbara (Xefa de Estudos)</p> <p>Felpete Facal, María da Alba (Coordinadora da lingua galega)</p> <p>Matos Patiño, Nuria (Coordinadora TIC)</p> <p>Novas Coya, Amparo (Coordinadora da biblioteca)</p> <p>González Canda, M.ª Reyes (Xefa Departamento Danza Contemporánea)</p> <p>Penado Alfonsín, Julia (Xefa Departamento Materias Teóricas / Coordinadora do Benestar) _Secretaria da CCP</p> <p>Pichín Rodríguez, María (Xefa Departamento Danza Clásica)</p> <p>Méndez González, Isabel (Xefa Departamento de músicos acompañantes)</p> <p>Mesías Farías, Emilio (Xefe Departamento de Música)</p> <p>Gómez Burgos, Isabel (Coordinadora do grao elemental)</p>
Departamento de Danza Clásica	<p>Fernández Covelo, Mª Belén</p> <p>Gil Martínez, María</p> <p>Gómez Burgos, Isabel _coordinadora do Grao Elemental</p> <p>Lata Villoch, Cristina</p> <p>López Quiroga, Jesús Manuel</p> <p>Matos Patiño, Nuria</p> <p>Novas Coya, Amparo</p> <p>Pérez Núñez, Lucía</p> <p>Piñeiro Vidal, Bárbara Mª</p> <p>Pichín Rodríguez, María _xefa do departamento</p> <p>Secall i Pons, Berta</p> <p>Eijo Bazarra, Silvia Victoria (membro adscrito)</p>
Departamento de Danza Contemporánea	<p>Felpete Facal, María da Alba</p> <p>Ferreiro López, Ana Belén</p> <p>González Canda, Mª Reyes _xefa do departamento</p>



	Penado Alfonsín, Julia Eijo Bazarra, Silvia Victoria
Departamento de Danza de Carácter	Gamborino Caramés, Beatriz_xefa do departamento González Canda, M ^a Reyes (membro adscrito) López Quiroga, Jesús Manuel (membro adscrito)
Departamento de Música	Mesías Farias, Emilio
Departamento de Materias Teórico-Prácticas	Felpete Facal, María da Alba (membro adscrito) Penado Alfonsín, Julia_xefa do departamento Eijo Bazarra, Silvia Victoria Gamborino Caramés, Beatriz
Departamento de Músicos Acompañantes	Méndez González, Isabel Sevilla García, Alejandro <i>Pianista sen adxudicación a 12 de setembro de 2024</i>

2 Política de calidade

Os Conservatorios de Música e de Danza da Comunidade Autónoma de Galicia definiron a calidade como parte fundamental da súa política e da súa estratexia, e adoptaron un sistema de xestión baseado na calidade como modelo de referencia para a xestión da Institución. Este sistema de calidade está baseado na Norma UNE- EN ISO 9001:2015.

Estes centros adoptaron a calidade como unha filosofía de actuación que se identifica coas seguintes directrices:

- O traballo ben feito e a mellora continua das nosas actividades, dos servizos que prestamos e dos procesos de traballo.
- Achegar o valor ao alumnado, as familias, ao profesorado e ao persoal do centro, escoitando a súa voz e procurando satisfacer as súas expectativas
- A adopción de metodoloxías de traballo baseadas na cultura da evidencia, a xestión a partir de datos e a disciplina do traballo en equipo.
- A xestión dos procesos orientada á mellora continua mediante a planificación, o desenvolvemento e a revisión e mellora dos mesmos.
- A mellora dos resultados definindo os indicadores e obxectivos, e avaliando o nivel de logro dos mesmos.

Requisitos: Implícitos, explícitos, do cliente, regulamentarios e os propios da nosa organización.

Estas directrices despréganse a través dos seguintes procesos e proxectos:

- Mantemento dun sistema da calidade segundo UNE-EN ISO 9001:2015.
- Medición e análise periódico da satisfacción de clientes.
- Revisión do sistema da calidade e actualización periódica de procesos.

- Auditorías internas e externas do sistema da calidade.

Así mesmo, despréganse nos Obxectivos de Calidade a través da formulación e o cumprimento dos mesmos. Os obxectivos dos Conservatorios de Música e de Danza serán computables e medibles a través de indicadores; todos eles constitúen os obxectivos da calidade. O grao de cumprimento será avaliado periodicamente.

O compromiso coa calidade afecta a toda a organización. Todas as persoas dos Conservatorios de Música e de Danza aceptan este compromiso e a súa responsabilidade no cumprimento dos requisitos establecidos no Sistema de Xestión da Calidade, así como de participar activamente na mellora da calidade e da xestión, e no logro dos obxectivos institucionais.

As Direccións dos Conservatorios de Música e de Danza facilitarán os medios e a formación necesarios para o desenvolvemento con éxito das actividades.

3 Dereitos e deberes do alumnado

□. Dereitos

- Recibir unha formación que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade intelectual, afectiva, social, moral e física. Recibir unha formación integral coeducativa.
- Recibir unha ensinanza de calidade e exenta de todo tipo de adoutramento que, á súa vez, fomente a súa capacidade e actitude crítica.
- Participar no funcionamento e na vida do centro.
- Adquirir unha formación para a paz, a cooperación e a solidariedade entre os pobos.
- Ser avaliados obxectivamente e solicitar aclaracións sobre o seu rendemento escolar.
- Recibir unha orientación escolar e profesional.

□. Deberes

- Estudiar e respectar o dereito ó estudio dos seus compañeiros e compañeiras.
- Asistir puntualmente a clase e participar nas actividades programadas.
- Seguir as orientacións dos seus profesores respecto á súa aprendizaxe e formación.
- Cumprir as normas de convivencia aprobadas neste regulamento.
- Respectar as instalacións e mobiliario do centro e repoñelo no caso dun uso incorrecto.
- Manter as mesmas condutas e actitudes esixidas no centro cando se realizan visitas, excursións ou calquera outra actividade organizada fóra do centro.
- Participar na creación dun clima no centro que fomente o estudio, o traballo, a curiosidade, a creatividade, a participación, o espírito crítico e construtivo, o respecto e o compañeirismo.
- Colaborar na consecución duns hábitos hixiénicos e saudables, e non participar en xogos de mesa.
- Respectar a igualdade de dereitos entre homes e mulleres.

4 Normas de convivencia no centro

4.1. No centro escolar

Para crear un ambiente educativo adecuado no cal o respecto ao estudo e a dignidade das persoas estean presentes, se fomentará a participación e colaboración activamente, xunto co resto dos membros da comunidade educativa, co propósito de favorecer o mellor desenvolvemento da ensinanza e da convivencia no Centro.

Nun centro no cal convive alumnado que comprende un abano tan grande de idades é necesario establecer unhas pautas de comportamento que, por básicas que parezan, é conveniente lembrar e asumir.

- Prohíbese o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos. Excepcionalmente, poderán usarse como ferramenta pedagóxica, sempre a supervisión do profesorado.

Os profesores deberán indicar ao alumnado que garde o teléfono cando este sexa utilizado fora das situacións permitidas. No caso de que o/a alumno/a non garde o teléfono este comportamento será considerado unha falta (Incorrección ou desconsideración cara a outros membros da comunidade escolar). A reiteración da falta levaría unha falta grave ligada a tramitación dun expediente disciplinario segundo temos establecido neste plan de convivencia.

- Asistencia e puntualidade ás clases
- Respetar a puntualidade e os horarios para o desenvolvemento das actividades do Centro.
- Acudir puntualmente e participar dos actos programados polo Centro.
- Asistir a clase e participar nas actividades orientadas ao desenvolvemento dos plans de estudos.
- Rexeitar o abandono da aula, salvo causa de forza maior, durante o período lectivo correspondente.
- Agardar á entrada na aula sen molestar ao alumnado que nese intre está dentro da mesma.
- A ausencia do profesor, os alumnos permanecerán na aula esperando as instrucións do profesor de garda

4.2 Na aula

- Atender en todo momento ás explicacións e indicacións do profesorado e cun bo comportamento.
- Pedir previamente a palabra para poder intervir e respetar a quenda de palabra dos demais.
- Evitar interromper o desenvolvemento normal da clase con conversacións, ruídos ou calquera outro acto que poida ser considerado como molestia da mesma.
- Acudir ás clases co uniforme e peiteado estipulado e todo o material necesario cara ás mesmas.
- Manter unha actitude de traballo activa, prestando atención ao profesorado en silencio e realizando as tarefas que este considere mais convenientes en cada momento.

4.3 En relación a calquera persoa da comunidade educativa:

- Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro educativo.
- Respetar a autoridade do profesorado, tanto dentro da clase como no resto do Centro.
- Respetar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas, así como a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da Comunidade Educativa e non discriminar a ningún membro por razón de nacemento, raza, sexo ou por calquera outra circunstancia persoal ou social.



- Respetar aos conserxes e ao resto do persoal da administración e servizos e atender, en todo momento as súas indicacións.

4.4 En relación aos compañeiros e compañeiras:

- Respetar o exercicio de dereito ao estudo dos seus compañeiros e compañeiras.
- Manter un trato correcto cara os compañeiros e compañeiras, non permitíndose, en ningún caso, o exercicio da violencia física ou verbal.

4.5 En relación ao material e as instalacións:

- Respetar e utilizar correctamente os bens móbiles, instrumentais e as instalacións do Centro.
- Velar pola limpeza da aula, do mobiliario e do material común, facendo un uso correcto de todo o material dispoñible. Respetar o material alleo, evitando non tocalo e non utilízalo en beneficio propio, sen permiso.
- Respetar a disposición das mesas e os lugares asignados polo Centro, ou polo profesorado, cando se utilice unha aula específica ou en caso de que a tarefa encomendada así o requira.

4.6 Outras normas

- O centro conta con armarios con cadeado para que o alumnado deposite as súas pertenzas durante a xornada escolar. Non obstante e por motivos de seguridade permitirase que leven ás aulas nun estoxo pechado pequenos obxectos persoais coma xoias, móbil ou diñeiro, baixo a súa custodia e responsabilidade.
- Segundo a lei 28/2005 do 26 de decembro, prohíbese fumar no centro, así como tampouco estará permitida a inxestión de bebidas alcohólicas.
- O establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento que, de ser o caso, se aplicarán, de conformidade co establecido no Decreto 8/2015 do 30 de xaneiro en desenvolvemento da Lei 4/2011 e demais normativa que sexa de aplicación.

4.7 Caixa de correo da convivencia

O centro conta cunha 'Caixa de correo de convivencia' para a recollida de calquera comunicación ou suxestión que o alumnado queira facer. Esta caixa tamén servirá para recoller as denuncias en relación coas situacións de acoso escolar, tal e como recolle o noso Plan de Convivencia. En todos os casos garantirase o anonimato da identidade da persoa que realiza a comunicación.

Así mesmo, calquera denuncia que sexa falsa ou indique indicios de actuación malintencionada, pode ser sancionada pola Comisión de Convivencia, con medidas correctoras que poden ir dende a falta leve á falta grave.

Esta caixa de correo estará xestionada pola Coordinadora de Benestar, en colaboración coa Xefatura de Estudos.

5 Servizos do centro

5.1 Biblioteca

A biblioteca Jean Georges Noverre está aberta para consulta e préstamo á toda a comunidade educativa no seu horario de apertura, que está pendurado na porta, desde outubro ata maio. As normas de uso da mesma poden atoparse no Plan de Dinamización na propia biblioteca, así como na páxina web do centro.



Este espazo emprégase tamén como aula teórica. Durante estas clases a biblioteca non estará aberta para a consulta ou préstamo. Por outra banda, cómpre ter en conta que o horario habitual da biblioteca pode verse modificado para cubrir as gardas de profesorado.

A biblioteca comezará a funcionar o luns 30 de setembro de 2024. O servizo de préstamo rematará o 20 de xuño de 2025.

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
15:30-17:30 horas	16:30-17:00 horas	15:30-17:00 horas	16:00-17:30 horas	
19:00-20 horas	19:30-20:30 horas	19:00-21:00 horas	18:00-20:00 horas	

5.2 Uso de vestiarios e duchas

O alumnado conta con dous vestiarios femininos, distribuídos por cursos (de 4ºGE a 3ºGP e de 4ºGP a 6ºGP) e un masculino.

A partir de 4º de Grao Elemental o alumnado poderá facer uso dos vestiarios do centro, aínda que para os estudantes de 4ºGE é recomendable que usen só estas instalacións o día que teñen que cambiarse de roupa para a materia de Iniciación á Danza Contemporánea.

O alumnado de Grao Profesional poderá facer uso dos vestiarios e das duchas, cumprindo e respectando as normas de convivencia.

Para poder facer uso das taquillas, deberá traer cadaquén un cadeado. Na sesión de acollemento do novo alumnado explicárase cal é o seu vestiario, así como as normas de uso do mesmo.

5.3 Local de alumnado

O local do alumnado permanecerá sempre aberto e os estudantes poderán facer uso deste, sempre e cando se respecten as normas de convivencia e se manteña un clima de silencio e respecto cara as persoas que están traballando.

5.4 Local da ANPA

A asociación de pais, nais e titores legais do alumnado, conta cun espazo na planta superior para as súas labores de asociación. Contacto: apcdanzalugo@gmail.com

5.5 Distribución das aulas

O Conservatorio conta con 11 aulas de danza, non todas elas coa mesma capacidade, 1 aulas teórico-práctica, 1 aula de música, 1 biblioteca, 1 sala de profesorado, 1 local para a ANPA, 1 local para o alumnado, 3 departamentos didácticos, un espazo destinado á conserxería á administración, 1 vestiario de alumnos, 2 vestiarios de alumnas, 5 vestiarios para uso do profesorado de danza, 3 despachos de equipo directivo, así coma o almacén e a salas de máquinas.

Para o desenvolvemento dos contidos teóricos, 12 aulas e a biblioteca contan con paneis interactivos e unha delas (a A13) con ordenador e canón de proxección.

- A entrada principal está na planta superior, e nela sitúanse os seguintes locais: administración/conserxería, despachos do Equipo Directivo, departamentos didácticos, sala de profesorado, biblioteca, aula de música, 2 aulas teórico-prácticas, 3 aulas de danza, o local da ANPA e o local de alumnado.
- Na planta intermedia, atópanse 7 aulas de danza.
- Na planta baixa están os vestiarios, o almacén e as salas de máquinas.



Dende o ano 2006 fomentouse que as dependencias do centro posuían nome propio, destacando a personaxes significativas da historia da danza. Este ano elaboráronse placas explicativas de cada unha das personalidades homenaxeadas.

A1- Maurice Béjart

A2- Isadora Duncan

A3- Margot Fonteyn e Rudolph Nureyev

A4- Martha Graham

A5- Pina Bausch

A6- Vaslav Nijinsky e Anna Pavlova

A7- Nacho Duato

A8- Marius Petipa

A9- María de Ávila

A10- Judson Church

A11- Piotr Ilich Tchaikovsky

A12- Bronislava Nijinska

A13- Doris Humphrey e José Limón

5.6 Acceso

O libre acceso ás dependencias do Conservatorio está restrinxido ao alumnado, profesorado e ao persoal de administración e servizos nos horarios correspondentes. Co fin de asegurar o control do resto dos accesos, estes levaranse a cabo sempre despois da identificación da persoa na administración/conserxería e posterior autorización do persoal do centro. Así mesmo se establecen as seguintes concrecións:

Con carácter xeral, e salvo razóns xustificadas ou relacionadas con procesos administrativos, ou cando a presenza sexa requirida polo propio centro, non se permite a entrada dos proxenitores no centro educativo.

Para a atención ás familias polo equipo directivo establécese un sistema de cita previa, enviando un correo electrónico ao centro e solicitando a cita en cuestión.

Toda persoa que teña cita no conservatorio accederán ao mostrador de administración/conserxería e esperarán ás indicacións do persoal do centro para acceder ao lugar destinado para a reunión.

O alumnado será atendido polo persoal do conservatorio dentro do centro e no seu horario escolar.

5.7 Portas de saída

Os pais, nais, titores legais ou persoas nas que estes deleguen deberán traer e recoller ao alumnado coa máxima puntualidade nas portas de saída asignadas.

-Porta frontal de abaixo: Grao Elemental e 1º, 2º e 3º de Grao Profesional

-Saída de emerxencia: 4º, 5º e 6º de Grao Profesional

O cumprimento destas normas é fundamental para o funcionamento e seguridade dentro do centro educativo.

O Conservatorio non autoriza a saída do alumnado do centro durante a súa xornada escolar. Os pais/nais/titores legais do alumnado son responsables de xustificar posibles ausencias, retrasos ou saídas anticipadas dos seus fillos ante o profesor correspondente segundo está establecido no procedemento de xustificación de faltas de asistencia.

O cumprimento destas normas é fundamental para o funcionamento e seguridade dentro do centro educativo.



6 Información de interese

6.1 Validacións e exencións

ORDE do 22 de xuño de 2023 pola que se establecen medidas para a validación ou a exención de materias da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato e materias das ensinanzas profesionais de música e de danza ou a condición de deportista de alto nivel ou de alto rendemento

[Orde DOG Luns, 3 de xullo de 2023 \(xunta.gal\)](#)

Exención da materia de Educación Física da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato Poderá solicitar a exención da materia de Educación Física da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato o alumnado que curse estes estudos e simultaneamente acredite ter a condición de deportista de alto nivel ou de alto rendemento, ou realice estudos das ensinanzas profesionais de danza. Artigo 8. Procedemento para a exención da materia de Educación Física

1. A alumna ou o alumno, ou a nai, o pai ou a persoa titora legal, no caso de menores de idade, poderá solicitar cada curso académico a exención da materia de Educación Física ante a dirección do centro en que curse os estudos correspondentes de educación secundaria obrigatoria ou de bacharelato.
2. Con carácter xeral, o prazo para presentar a solicitude de validación será durante o período de matrícula no curso académico e durante o mes de setembro.
3. Coa solicitude de exención achegarase o documento que acredite estar matriculada ou matriculado ese ano académico nun centro cursando estudos das ensinanzas profesionais de danza ou ter a condición de deportista de alto nivel ou de alto rendemento. Para a anotación definitiva da exención en todos os documentos de avaliación, deberase presentar un certificado de ter mantido a matrícula ou a condición ata a data da avaliación final no caso de educación secundaria obrigatoria ou da avaliación final ordinaria no caso do bacharelato.
4. As materias obxecto de exención consideraranse como materias superadas para os efectos do número de materias requiridas para a obtención do título, de ser o caso. Estas materias non terán cualificación numérica, e non computarán para os efectos do cálculo da nota medi

Validacións entre materias da educación secundaria obrigatoria e materias das ensinanzas profesionais de danza

Materia e curso da ESO que se valida	Materia das ensinanzas profesionais de danza coa cal se valida
Música de 2º e de 3º curso	1º curso de Música
Música de 4º curso	2º curso de Música

Validacións entre materias optativas de 3º e 4º curso da educación secundaria obrigatoria e materias das ensinanzas profesionais de música ou de danza

Materia optativa de 3º e 4º curso da ESO que se valida	Ensinanza profesional	Materia das ensinanzas profesionais de danza coa cal se valida
Optativa de 3º curso	Danza	Proba de acceso a calquera dos cursos do grao profesional de danza ou un curso dalgunha das seguintes materias: Danza de Carácter, Danza Estilizada, Danza Galega, Improvisación, Música, Repertorio
Optativa de 4º curso	Danza	Proba de acceso a calquera dos cursos do grao profesional de danza ou un curso dalgunha das seguintes materias: Danza de Carácter, Danza Estilizada, Danza Galega, Improvisación, Música, Repertorio

Validacións entre materias de bacharelato e materias das ensinanzas profesionais de danza

Materia de bacharelato que se valida	Materia das ensinanzas profesionais de danza coa cal se valida
Artes Escénicas I	1º curso dalgunha das seguintes materias: Danza Clásica, Danza Contemporánea, Danza Estilizada, Escola Bolera, Técnica de Danza Contemporánea
Artes Escénicas II	2º curso dalgunha das seguintes materias: Danza Clásica, Danza Contemporánea, Danza Estilizada, Escola Bolera, Técnica de Danza Contemporánea
Historia da Música e da Danza	2º curso de Historia da Danza
Linguaxe e Práctica Musical	3º curso de Música



Validación entre materias das ensinanzas profesionais de danza e materias de bacharelato

Materia das ensinanzas profesionais de danza que se valida	Materia de bacharelato coa cal se valida
2º curso de Historia da Danza	Historia da Música e da Danza
1º e 2º curso de Música	Linguaxe e Práctica Musical

Validacións entre materias optativas do bacharelato e materias das ensinanzas profesionais de música ou de danza

Materia optativa de bacharelato que se valida	Ensinanza profesional	Materia das ensinanzas profesionais de danza coa cal se valida
Anatomía Aplicada	Danza	1º e 2º curso de Anatomía Aplicada á Danza
Optativa de 1º curso	Danza	Un curso da materia Acondicionamento Físico
Optativa de 2º curso	Danza	Un curso da materia Acondicionamento Físico ou un curso da materia Anatomía Aplicada á Danza

Procedemento para as validacións das materias

1. *A alumna ou o alumno, ou a nai, o pai ou a persoa titora legal, no caso de menores de idade, poderá solicitar a validación das materias establecidas ante a dirección do centro en que curse os estudos correspondentes.*
2. *A solicitude de validación poderá realizarse con independencia de que o centro docente imparta a materia. Para isto, solicitará a matrícula da materia obxecto de validación só para os efectos administrativos.*
3. *Con carácter xeral, o prazo para presentar a solicitude de validación será durante o período de matrícula no curso académico e durante o mes de setembro.*
4. *Coa solicitude de validación achegarase o certificado académico que acredite a superación da materia requirida para a validación.*

No caso de que a alumna ou o alumno curse simultaneamente a materia correspondente para a validación no curso actual, achegará a documentación que o xustifique e poderá presentar o certificado académico que acredite a súa superación ata a data en que se leve a cabo a derradeira sesión de avaliación das ensinanzas que inclúan a materia pendente de validar. Neste caso, durante o curso escolar, a materia figurará como pendente de validación.

Cando o alumnado non achegue o dito certificado académico, consignarase nesa materia como «Non presentado» (NP) na derradeira acta de avaliación.

5. *A persoa que exerza a dirección do centro resolverá a solicitude e, se é o caso, deixarase constancia da validación no expediente académico da alumna ou do alumno mediante unha dilixencia, que se axustará no seu contido ao modelo que se establece no anexo IX. Estas materias consignarase nos documentos de avaliación co termo «Validada» (CV).*
6. *As materias obxecto de validación consideraranse como materias superadas para os efectos do número de materias requiridas para a obtención do título, de ser o caso.*

Estas materias non terán cualificación numérica, e non computarán para os efectos do cálculo da nota media.

7. *Cada materia só poderá ser utilizada unha única vez para as validacións establecidas nesta orde.*

A materia de Música que se imparte nos cursos 2º e 3º da educación secundaria obrigatoria considérase unha única

materia para os efectos das validacións recollidas no anexo I e no anexo II. Neste caso, o alumnado deberá presentar a solicitude de validación en cada un dos cursos.

6.2 Faltas de asistencia

O control da asistencia a clase do alumnado realizarase diariamente por parte do profesorado, quen introducirá as posibles ausencias na aplicación informática de xestión académica CentrosNet, como mínimo semanalmente, indicando a súa xustificación ou non.

No caso de grupos compartidos, cargará as faltas a persoa que imparta maior carga lectiva ao grupo.

O equipo de profesores de cada grupo manterá todas as comunicacións sobre as faltas de asistencia nos foros das titorías de cada curso/grupo.

Os pais/nais/titores legais poderán xustificar as faltas dos seus fillos/as ao conservatorio por medios telemáticos (enviando unha mensaxe a través de CentrosNet ou e-mail) ao profesorado das clases ás que se ausentaron, así como ao titor/a. Igualmente o alumnado maior de idade.

Non se aceptarán xustificantes pasado un mes, e cómpre envialos coa debida antelación no caso do período de avaliacións, pois quedará constancia no boletín informativo das mesmas e non poderán ser xustificadas con posterioridade.



Ao comezo do curso, na xornada de acollemento comunicarase aos pais/nais/titores legais o procedemento para a visualización das faltas de asistencia no programa informático. Calquera solicitude extraordinaria referente á información sobre as faltas so alumnado aos titores legais deberá realizarse por escrito á xefatura de estudos do centro

Faltas de puntualidade

O alumnado permanecerá no centro dentro do seu horario lectivo. Tanto as faltas de puntualidade como calquera saída puntual dentro do horario precisará de autorización por parte das familias.

As faltas de puntualidade non xustificables tanto ao comezo coma ou remate das clases, poderán ser contempladas como faltas de convivencia e levar a sanción pertinente.

O alumnado que chegue tarde será sempre admitido na clase pero, nas clases prácticas, por mor de evitar lesións ao alumnado, o docente da materia considerará se pode incorporarse inmediatamente á actividade, realizar un quecemento previo, ou ben realizar un traballo teórico.

Consideracións arredor da xustificación de faltas

Cando as faltas de asistencia a clase do alumnado presenten dificultades para a súa xustificación ou cando se incrementa de forma significativa o número destas, o profesorado informará ao titor á maior brevidade posible, para que convoque á nai/pai/persoas titoras legais a unha reunión coa finalidade de analizar a situación que se está a producir e tratar de corríxila. Desa reunión levantará acta o profesorado titor, e serán informados dos acordos tomados pola reunión do equipo de profesorado en relación ao desenvolvemento inadecuado da programación que está a facer por causa das faltas reiteradas e o prexuízo que conleva no seu proceso de aprendizaxe.

No caso de lesións prolongadas, decídese seguir o mesmo procedemento, informando o titor da asistencia mínima aconsellable para que non perda contacto coas materias que non pode realizar. O equipo de profesorado, coordinado polo titor/a e baixo a supervisión do equipo directivo, decidirá o que consideren máis aproveitable para o/a alumno/a.

En relación coas representacións escénicas:

a) O alumnado debe comprometerse a realizar todas as representacións dunha mesma coreografía, así coma asistir ós ensaios correspondentes durante o curso escolar unha vez coñecidas as datas de actuación. O titor gardará un documento do devandito compromiso.

b) O alumnado que acumule ausencias reiteradas nas materias onde se traballen coreografías en conxunto (ata un máximo do 50% das clases), e debido ao prexuízo que supón para o resto dos membros do grupo non poderá participar nas representacións didácticas de ditas coreografías.

Para a xustificación de faltas para todo o curso derivadas da simultaneidades coas ensinanzas regradas (no grao elemental e profesional), será durante a primeira semana de clases.

O alumnado que curse dúas especialidades nun curso diferente ao 1gp deberá comunicar por escrito na primeira semana de clases a calquera das titoras o horario que vai facer.

6.3 Traslado

Cando o alumno ou a alumna se traslade de centro docente para proseguir os seus estudos, o centro de orixe remitirá ao de destino, por petición deste, o libro de cualificacións acreditativo de que os datos que contén concordan co expediente que consta no centro.

O centro docente de destino abrirá o correspondente expediente académico persoal, e a matriculación do alumno ou alumna adquirirá carácter definitivo unha vez recibido o libro de cualificacións cuberto polo centro

de orixe. Será necesario o traslado do libro de cualificacións das ensinanzas profesionais de danza nos caso que a seguir se sinalan:

- a. Traslado do alumnado dun conservatorio profesional a outro.
- b. Traslado do alumnado dun centro autorizado a outro que estivese adscrito a un conservatorio profesional diferente.
- c. Traslado do alumnado dun conservatorio profesional a un centro autorizado adscrito a un conservatorio profesional diferente.
- d. Traslado do alumnado dun centro autorizado a un conservatorio profesional diferente daquel ao cal estivese adscrito o dito centro.

6.4 Renuncia á matrícula

O alumnado que, unha vez iniciado o curso decidise abandonar os seus estudos no Conservatorio, poderá presentar a súa renuncia por escrito na Secretaría do Centro.

As renuncias serán aceptadas con data límite do 15 de abril do ano en curso.

A renuncia será sempre aceptada, cando cumpra cos prazos establecidos con anterioridade.

Mediante a renuncia pérdese todo o dereito como alumnado do Centro, non tendo ningún efecto en relación co límite de permanencia no grao. A renuncia non dará lugar á devolución das taxas de matriculación

As vacantes producidas por renuncia poderán ser ocupadas con alumnado da lista de espera ata finais do mes de outubro.

As renuncias producidas con posterioridade a outubro non xerarán vacantes susceptibles de ofrecer a alumnado en lista de espera.

6.5 Bolsas

Bolsas e axudas para estudar ensinanzas artísticas:

<https://www.mecd.gob.es/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo/educacion/estudiantes/becas-ayudas/para-estudiar/artisticas.html>

A consellería convoca anualmente os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de Música, de Danza e de Artes Plásticas e Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia

6.6 Programas de intercambio

O Conservatorio de Danza forma parte do proxecto Plan Mob de mobildade do alumnado con diferentes conservatorios nacionais e internacionais. Este programa está dirixido a alumnado de 5º de Grao Profesional de ambas especialidades, preferentemente, puidendo, no caso de quedar prazas, acceder alumnado de 6º ou 4º curso.

6.7 Recursos informativos

A información xeral do centro, así como os impresos e solicitudes estarán a disposición da comunidade educativa na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/centros/conservatoriodanzalugo/>

Por outra banda, empregarase como medio preferente de comunicación coas familias e o alumnado a plataforma de CentrosNet. Mediante esta aplicación estes terán acceso á información relativa aos expedientes, así como faltas, notas, horarios, información sobre actividades, comunicacións de ausencias de docentes etc. A APP permite 3 licencias por cada expediente (unha para o alumno/a, e as outras dúas para os proxenitores ou titores legais). As instrucións de instalación e acceso a CentrosNet están detalladas na páxina web do conservatorio.

A información relevante pendurárase nos taboleiros de anuncios.

A información sobre actividades ou datas sinaladas pendurárase nos perfís das RRSS: Facebook e Instagram.

O correo electrónico corporativo poderá empregarse tamén como medio de comunicación entre as familias, o alumnado e o profesorado titor.

As programación didácticas poderán consultarse na Biblioteca do centro, así coma na Aula Virtual de cada curso. Os contidos e criterios mínimos están pendurados na páxina web do centro

6.8 Titulación en Ensinanzas Profesionais de Danza

A superación das Ensinanzas Profesionais de Música ou Danza, dará dereito á obtención do título profesional correspondente (artigo 50 da Lomloe)

O alumnado que finalice as ensinanzas profesionais de música ou danza poderá obter o título de Bacharelato na súa modalidades de Artes nas condicións establecidas no apartado 4 do artigo 37 da Lomloe.

Estas son:

-Para obter o título de Bacharelato será necesaria a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato. O Goberno, previa consulta ás Comunidades Autónomas, establecerá as condicións e procedementos para que, excepcionalmente, o equipo docente poida decidir a obtención do título de Bacharelato polo alumno ou alumna que superase todas as materias salvo unha, sempre que nela non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada e considérese que alcanzou os obxectivos e competencias vinculados a ese título

-Tamén poderán obter o título de Bacharelato na modalidade de Artes quen superase os Ensinos Profesionais de Música ou de Danza e as materias do bacharelato.

-O título de Bacharelato facultará para acceder a las distintas ensinanzas que constitúen a educación superior establecidas no artigo 3.5 «3. *O alumnado que superou os estudos superiores de Música ou Danza obterá o Título de Grao nas Ensinanzas Artísticas Superiores de Música ou Danza na especialidade que corresponda, que será equivalente, a tódolos efectos, ao título universitario de grao. Sempre que a normativa aplicable esixa estar en posesión do título universitario de Grao, se entenderá que cumpre este requisito quen estea en posesión do Título de Grao nas Ensinanzas Artísticas Superiores de Música ou Danza.*» (Artigo 54)

Simultaneidade de estudos

O alumnado que estea en posesión do título de técnico das Ensinanzas Profesionais de Música ou de Danza e desexe obter o título de Bacharelato na modalidade de artes poderá matricularse unicamente das materias xerais do bloque de materias troncais na modalidade de artes e da materia de Lingua Galega e Literatura. (Instrucións do 30 de xullo 2021)

O alumnado que desexe cursar exclusivamente as materias xerais do bloque de materias troncais da modalidade de bacharelato elixida, e a materia de Lingua Galega e Literatura no caso de estar en posesión do título de técnico de Formación Profesional, ou as materias xerais do bloque de materias troncais da modalidade de artes no caso de estar en posesión do título de técnico de Artes Plásticas e Deseño ou no caso de superar as ensinanzas profesionais de música ou de danza ou no caso de estar matriculado nos dous últimos cursos das ensinanzas profesionais de música ou de danza, deberá solicitálo ao formalizar a matrícula de bacharelato.

A solicitude deberá ir acompañada dun documento acreditativo de estar en posesión do título de graduado na Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente, así coma do certificado da súa matrícula, nese ano académico, en algún dos cursos quinto ou sexto das ensinanzas profesionais de música ou de danza ou, no seu caso, dea documentación que acredite que superou as ensinanzas profesionais de música ou de danza ou que está en posesión do título de técnico de Formación Profesional ou de Artes Plásticas e Deseño. Este alumnado terá as mesmas condicións de permanencia e promoción no bacharelato que o resto do alumnado.

O alumnado que estea matriculado nos dous últimos cursos das Ensinanzas Profesionais de música ou de danza poderá cursar simultaneamente as materias xerais do bloque de materias troncais da modalidade de artes e da materia de Lingua Galega e Literatura, sempre que acredite ante o centro de educación secundaria en que vaia a cursar as citadas materias estar matriculado en ditas ensinanzas profesionais

6.9 Actividades complementarias, extraescolares e de promoción das nosas ensinanzas.

PREVISIÓN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS

-Participación no Festival Herdanza. Santiago de Compostela. 6º GPA/B Setembro de 2024

-Actuación en Foz. Colectivo Globo. 6ºGPA/B Setembro de 2024

MobPlan Intercambio de estudantes doutros centros nacionais e internacionais, dirixido a alumnado de 5ºGPAB preferentemente. 1º e 2º trimestre

_ Gala Benéfica UNICEF_ Participa Grao Elemental e 5º e 6º de Grao Profesional. Decembro de 2024.

-Gala Benéfica AECC. Participa Grao Profesional. Xaneiro-febreiro de 2025

_ Mostra de Repertorio de Danza Clásica e Danza Contemporánea. Marzo de 2025

_ Mostra de carácter. Grao elemental e 1º e 2º de GPA_ no CMUS, marzo de 2025

_ INNOVART. Feira de ensinanzas artísticas: Dirixido a 5 e 6ºGPAB. Abril de 2025 (PENDENTE DE CONFIRMACIÓN POLA CONSELLERÍA)

_ Xornadas de portas abertas_ todo o alumnado. Abri de 2025

_ Encontro de centros de danza. Dirixido preferentemente a alumnado de 6ºGPAB. Semana da Danza. Abril 2025

_ Concurso Coreográfico. Dirixido a todo o alumnado. Semana da Danza. Abril 2025

_ Galas Grao Elemental e Grao Profesional. Maio de 2025

-Xornadas escolares. Maio de 2025

_ Proposta de Obradoiros durante o mes de xuño: creación coreográfica, repertorio clásico, técnicas de paso a dous, danza creativa, danza e natureza, danza galega, repertorio contemporáneo...

-Actividades conmemorativas: Día da Paz (xaneiro de 2025), Días das Bibliotecas (outubro de 2024), Día de Rosalía (febrero de 2025), Día das Letras Galegas (Maio de 2025)

****Vestiaro nas galas**

O alumnado terá que adquirir vestiario cuxo custo correrá ao seu cargo.

Os prezos aproximados serán: Grao Elemental: 1º, 2º e 3º GE 50€/ 4ºGE 65€

Grao Profesional: Especialidade Danza Clásica 85€/ Especialidade Danza Contemporánea 65€

****Normas durante actuacións**

Tampouco se poderá comer nin beber durante o mesmo, así como entradas e saídas indiscriminadas.

Por esta última razón, o Auditorio pechará a súa porta unha vez iniciada a actividade e só serán atendidas razóns de urxencia cara a súa apertura. Neste último caso se é un feito previsible, que falen antes co equipo directivo para estar pendentes.

Non está permitido pendurar fotografías nin vídeos en redes sociais usando o nome do conservatorio.



6.10 Uniforme

Na páxina web do centro e nos taboleiros do conservatorio poden consultar os uniformes para cada Grao.

Na ANPA do centro poden asesorar ás familias sobre este asunto.

Todo o alumnado ten a obriga de asistir uniformado ás clases. En Grao Profesional, o alumnado poderá acudir con maillot libre os mércores

7 Normas en caso de evacuación

O centro conta cun plan de Emerxencia e Evacuación realizado segundo a normativa vixente pola empresa Nor Prevención que de seguido se detalla:

1º) Salta a alarma (primeiro asubío)

O alumnado é informado do modo de actuación en caso de evacuación.

2º) Soa de novo a alarma (segundo asubío)

Procédese a evacuación segundo o Plan de Emerxencia determinado.

3º) No caso de simulacro, volta ás aulas.

Recordade: camiñar en fila sen correr, non berrar, non coller a roupa.

7.1. Protección de datos

“En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais facilitados quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento.

A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do ficheiro, solicitándoo ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, edificio administrativo de San Caetano, S/N, 15781, Santiago de Compostela, ou mediante o envío dun correo electrónico a sxt.cultura.educacion@xunta.es.”

7.2 Información médica

O centro está dentro do Plan de ALERTA ESCOLAR E PATOLOXÍAS DE MEDICACIÓN URXENTE, para o cal se seguirá o plan establecido pola Xunta de Galicia, polo que o alumnado afectado nestes casos entregará no centro a través do seu titor ou titora a documentación pertinente.

<https://www.edu.xunta.gal/portal/node/371>

7.3 Seguro escolar

O Conservatorio de Danza está exento do aboamento da taxa de Seguro Escolar, e tampouco ten ningún outro seguro voluntario, polo que o alumnado do centro se acolle ao sistema público de saúde por ser beneficiaria e usuaria de póliza da súa asistencia sanitaria persoal, ben Seguridade Social, MUFACE; MUGEJU; ISFAS...



8 Calendario escolar

CALENDARIO ESCOLAR: *ORDE do 12 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.*

Instrución 7/2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, para a aplicación do calendario do curso 2024/25 nos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza

Inicio do curso:

Xoves 12 de setembro: Xornada de Acollemento

Luns 16 de setembro: Comezo das clases

Vacacións escolares

Os períodos de vacacións escolares no curso académico 2024/25 serán os seguintes:

- Desde o día 23 de decembro de 2024 ata o día 7 de xaneiro de 2025, ambos incluídos.
- Os días 3, 4 e 5 de marzo de 2025.
- Desde o día 14 ata o día 21 de abril de 2025, ambos incluídos.

Días non lectivos:

-O Día do Ensino, que terá a consideración de día non lectivo, celebrarase o 31 de outubro de 2024.

--Os días 4 de novembro de 2024 e 2 de maio de 2025, días propostos polo centro (pendentes de aprobación pola Inspección Educativa)

Calendario de avaliacións trimestrais:

1ª avaliación: Do 16 de setembro ata o 22 de novembro_10 semanas

Xuntas de avaliación: (1 AVA) 21-22 novembro de 2024

2ª avaliación: Do 25 de novembro ao 28 de febreiro _12 semanas

Xuntas de avaliación: (2AVA) 27-28 febreiro de 2025

3ª avaliación: Do 3 de marzo ao 30 de maio_12 semanas

Xuntas de avaliación (3AV): Do 3 ao 5 de xuño de 2025

Calendario de avaliacións finais:

-Avaliación 6GP e alumnado que cursa 2BACH: 12 de maio de 2025

**Consultar Instrución 7/2024*

-Avaliación final ordinaria : do 3 ao 5 de xuño de 2025

-Avaliación final extraordinaria: a partir do 20 de xuño de 2025

-Probas de acceso: a partir do 3 de xuño de 2025

9 Horarios de atención educativa

A comunicación coas familias realizarase a través de CentrosNet, teléfono, correo electrónico e a páxina Web do centro. Se por calquera circunstancia un profesor tivese que cancelar unha reunión ás familias serán informadas coa maior brevidade posible. Para a atención ás familias polo equipo directivo establécese un sistema de cita previa, enviando un correo electrónico ao centro e solicitando a cita en cuestión.

1º GE	María Pichín Rodríguez	Luns, de 18 a 19 horas
2º GE	Cristina Lata Villoch	Mércores, de 16 a 17 horas
3ºGE	Jesús Manuel López Quiroga	Luns, de 19:30 a 20:30 horas
4º GE	Isabel Gómez Burgos	Martes, de 20 a 21 horas
1ºGPA	María Gil Martínez	Luns, de 17 a 18 horas
1ºGPB	Reyes González Canda	Martes, de 20:30 a 21:30 horas
2ºGPA	Amparo Novas Coya	Luns, de 17:30 a 18:30 horas
2ºGPB	Mª Reyes González Canda	Martes, de 20:30 a 21:30 horas
3ºGPA	Mª Belén Fernández Covelo	Martes, de 16 a 17 horas
3ºGPB	Silvia Victoria Eijo Bazarra	Xoves, de 16 a 17 horas
4ºGPA	Berta Secall i Pons	Venres, de 19:30 a 20:30 horas
4ºGPB	Ana Belén Ferreiro López	Martes, de 17:30 a 18 horas Mércores, de 21 a 21:30 horas
5ºGPA	Lucía Pérez Núñez	Luns, de 17 a 18 horas
5ºGPB	María da Alba Felpete Facal	Luns, de 18 a 19 horas
6ºGPA	Nuria Matos Patiño	Luns, de 19 a 20 horas
6ºGPB	Julia Penado Alfonsín	Martes, de 19:30 a 20:30 horas
	Bárbara Mª Piñeiro Vidal	Luns, de 20 a 21 horas
	Emilio Mesías Farias	Luns, de 19:30 a 20:30 horas
	Beatriz Gamborino Caramés	Martes, de 18 a 18:30 / de 19:30 a 20 horas

Horario lectivo:

Grao Elemental:

De 15:30 a 20:00 de luns a venres

Grao Profesional:

Luns martes, mércores e xoves 16:00 a 22:00

Venres: de 16:00 a 21:00 horas



HORARIOS DE ATENCIÓN EQUIPO DIRECTIVO E COORDINACIÓN DE BENESTAR	
Dirección	Luns e martes: de 9:45 a 12:45 Mércores e xoves: de 9:45 a 12 Xoves e venres: de 16 a 17 Venres: de 9:45 a 11:45
Vicedirección	Luns: de 16 a 17 Mércores: de 17 a 20:30 Xoves: de 9 a 13:00 Venres: de 12 a 14:30 / de 15:00 a 16:00
Xefatura de Estudos	Luns: de 16 a 17 Martes: de 16 a 17:30 Mércores: de 20:30 a 21:00 Xoves: de 9:30 a 14:30 Venres: de 9:30 a 14
Secretaría académica	Luns: de 16 a 17 Martes: de 18 a 18:30 Mércores e xoves: de 9:00 a 12:30 Venres: de 9:00 a 12:00
Coordinadora de Benestar	Luns: de 9:30 a 10:00 Martes: de 9:30 a 10:00 Xoves: de 8:30 a 9:30 Venres: de 16:30 a 17:30

Os horarios do presente curso escolar poden consultarse na páxina web e nos taboleiros do centro, así coma na aplicación CentrosNet.

GE	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1º A		15:30-16 DCL Biblio Teoría DCL 16-17 DCLA7 17-18 MUS A11		15:30-17 DCLA8 17-18 DCAA12	
1º B		17-18 DCLA8 18-19 MUS A11 19-19:30 DCL Biblio Teoría DCL		17-18:30 DCLA8 18:30-19:30 DCAA8	
2º A			17-18:30 DCLA8 18:30-19:30 DCAA7	17-18:30 DCLA2 18:30-19:30 MUS A11	17:30-18 DCL Biblio Teoría DCL 18-19:30 DCLA2
2º B					
3º A	15:30-17 DCLA4 17-17:30 DCL Biblio Teoría DCL 17:30-18:30 MUS A11	15:30-17:30 DCLA3	15:30-17 DCLA3 17-18 DGAA13		15:30-17 DCLA13
3º B	17:30-19 DCLA7 19-19:30 DCL Biblio Teoría DCL	17:30-19:30 DCLA13	17-18:30 DCLA3 18:30-19:30 DGAA13		17-18 MUS A11 18-19:30 DCLA8
4º A	15:30-17:30 DCLA3 17:30-18:30 IDE A5 18:30-19:30 MUS A11	15:30-17 DCLA4 17-17:30 DCL Biblio Teoría DCL	15:30-17:30 DCLA4		15:30-17:30 DCLA4 17:30-18:30 IDCA5
4º B	16:30-17:30 MUS A11 17:30-19 DCLA12	17:30-18 DCL Biblio Teoría DCL 18-20 DCLA5	16:30-17:30 IDE A5 17:30-19:30 DCLA4		16:30-17:30 IDCA5 17:30-19:30 DCLA4

GP	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1º GPA	18-20 DCLA1 19-20 DCLVA10	18:30-19:30 DGAA4 19:30-21:30 DCLA1 19:30-20:30 DCLV A7 20:30-21:30 DCLV A8	17:30-18:30 DCLA1 15:30-16:30 AFI A5 16:30-18:30 DCLA1 18:30-19 DCL Biblio Teoría DCL	17:30-18:30 MUS A11 18:30-20:30 DCLA3	16-18 DCLA1 18-18:30 DCLA13
1º GPB		17-18:30 TDC A4 18:30-19:30 AFI A3 19:30-20:30 DGAA4	17:30-19 DCC A5 19-19:30 DCC A12 Teoría DCC 19:30-20:30 TDC A6 20:30-21:30 IMP A4	17-18:30 TDC A3 18:30-19:30 DCC A7 19:30-20:30 DCC A1 20:30-21:30 MUS A11	16-18 DCC A8
2º GPA	18:30-19 DCLA9 Quecemento 19-21 DCLA8 19-20 DCLVA10	16-18 DCLA5 18-19 DCO A2 19:30-20:30 DCLV A7 20:30-21:30 DCLV A8	19-19:30 DCLA11 Teoría DCL 17-30-21 DCLA2 21-22 AFI A2	16-17 DCAA1 17-19:30 DCLA1 19:30-20:30 MUS A11	16-18 DCLA2
2º GPB	18:30-20 TDC A5 20-20:30 TDC A12 Teoría TDC 20:30-21:30 MUS A11	16-17 TDC A2 17-18 AFI A2 18-19 DCC A7 19-20 DCC A8	16-17 IMP A8 17-18:30 DCC A7 18:30-19 DCC A11 Teoría DCC	18:30-20:30 TDC A4 20:30-21:30 IMP A4	18-19:30 DCC A10 19:30-20 DCC A5
3º GPA	18-20 DCLA3 20-21 DCO A13 19-20 DCLVA10	16-17 AFI A8 17-18 DCLA7 18-19 DCLA8 18-19 DCLVA9	16-18:30 DCLA6 18:30-19:30 REP A6 19:30-20:30 DCO A7	16-18:30 DCLA4 18:30-19:30 REP A2	16-17 MUS A11 17-17:30 REP A10 Teoría REP 17:30-18 DCLA10 Teoría DCL 18-19:30 DCLA1 19-19:30 DCLV A9
3º GPB	17:30-18:30 IMP A13 18:30-20 TDC A13 20-22 DCC A4		16-17 DCC A7 17-17:30 DCC Biblio Teoría DCC 17:30-18:30 TDC A10 Teoría TDC+quecemento 18:30-19:30 TDC A8 19:30-20:30 AFI A13	16-18:30 DCC A13 18:30-20 TDC A13 20-20:30 TDC A6	16-17 TDC A3 17-18 DCC A7 18-19 MUS A11 19-20 IMP A7
4º GPA	18-19 DCLA8 19-20 PIN A12 20-21 REP A3 21-22 DCO A3	17-17:30 DCO A10 Teoría DCO 17:30-18:30 DCO A3 18:30-19 DCL Biblio Teoría DCL 19-20:30 DCLA6 20:30-22 REP A4	16-17 DCLA13 17-17:30 DCLA10 Técnica de puntas	16-18:30 DCLA5 18:30-19:30 AFI A12	16-17 DCLA7 17-19 DCLA3 19-20:30 MUS A11
4º GPB	18:30-19 TDC A10 19-20 TDC A4 20-22 DCC A4	18-19 TDC A6 19-20:30 TDC A2 20:30-21:30 IMP A2	16-17 DCC A7 17-17:30 DCC Biblio Teoría DCC 17:30-18:30 TDC A11 Teoría TDC 18:30-20 TDC A3 20-21 IMP A3	16-18:30 DCC A13 18:30-20 TDC A5 20-21 AFI A13	19-20:30 MUS A11
5º GPA	18-20 DCLA2 20-21 REP A2 21-22 PAD A2	16-18 DCLA1 18-19 REP A1 19-19:30 REP A12 Teoría REP 19:30-20:30 PAD A3 20:30-21:30 DCO A3	18-19 DCLA12 19-19:30 DCLA5 19:30-20:30 DCLA5 Puntas 19:30-20:30 DCLV A4 Técnica de varóns 20:30-22 REP A6 20:30-22 REPV A8	17-18 AFI A9 17-18 AFI A10 18-19 AAD A10 19-20 INT A6 20-20:30 REPV A8 20:30-22 DCLV A3 Técnica de varóns	15:30-16 DCL Biblio Teoría DCL 16-18 DCLA6 18-18:30 DCO A12 Teoría DCO 18:30-20 DCO A13 20-21 HIS A10
5º GPB	17-19 DCC A4 19-20 TDC A7 20-21 TDC A5 21-22 IMP A5	16-17:30 TDC A13 17:30-18 DCC A12 Teoría DCC 18-19 DCC A12 19-19:30 DCC A1 19:30-20 TDC A12 Teoría TDC 20-21 AFI A13	16-18 DCC A9 18-18:30 TDC Biblio Teoría TDC 18:30-20 TDC A1	16-18 TDC A6 18-19 AAD A10 19-20 INT A6 20-21 IMP A2	18-20 TDC A6 20-21 HIS A10
6º GPA	16-17:30 DCLA6 17:30-19 PAD Biblio 19-20 COR A6 20-22 REP A6	16-18 DCLA6 18-19 AAD A10 19:30-20:30 HIS A10 20:30-21 Ob. Esther A6 21-22 AFI A5	16-17:30 DCLA2 17:30-19:30 REP A2 19:30-20 DCO A10 Teoría DCO 20-21:30 DCO A1	18-19 ODG A6 19-19:30 PAD A10 19:30-20 DCL Biblio Teoría DCL 20-21:30 DCLA5	17-18 DCO A13 18-19 DCLA7 19-20 DCLA3 20-20:30 Ob. Esther A6
6º GPB	16-17 AFI A1 17-17:30 TDC A5 17:30-19 TDC A6 19-20 COR A6 20-21:30 DCC A1	18-19 AAD A10 19-19:30 TDC A10 Teoría TDC 19:30-20:30 HIS A10 20:30-21 Ob. Esther A6 21-22 TDC A6	16:30-18 IMP A12 18:30-19:30 DCC A10 19:30-20:30 DCC A8 20:30-22 TDC A5	16:30-18 IMP A7 18-19 ODG A6 19-20:30 TDC A9 Teoría TDC 20:30-22 TDC A6	16-17 DCC A9 17-17:30 DCC A9 Teoría DCC 17:30-18:30 TDC A9 18:30-19:30 TDC A5 20-20:30 Ob. Esther A6

UNIFORME CDAN LUGO		
consultar coa ANPA: apcdanzalugo@gmail.com		
CURSO PREPARATORIO		
	NENAS	NENOS
	_Maillot azul marino lycra de tirante e escote redondo _Medias de ballet cor rosa _Zapatillas de cor rosa de pel e sola enteira	_Camiseta branca. _Malla azul marino de lycra _ Calcetín branco _ Zapatillas brancas de pel e sola enteira
GRAO ELEMENTAL		
	NENAS	NENOS
	_Maillot azul marino lycra de tirante e escote redondo _Medias de ballet cor rosa _Zapatillas de cor rosa (de pel e sola enteira en 1º e 2º GE, de tela e sola partida en 3º e 4º GE) Danza de Carácter (1º e 2ºGE): Zapatos de Carácter de tela e goma (Tacón baixo) Danza Española (4ºGE): Zapatos flamenco pel e cravos Danza Contemporánea (4º GE): Camiseta negra e pantalón/ leggins negro largo. Calcetíns.	_Camiseta branca. _Malla azul marino de lycra _ Calcetín branco _ Zapatillas brancas (de pel e sola enteira en 1º e 2º GE, de tela e sola partida en 3º e 4ºGE) Danza de Carácter (1º e 2º GE):Zapatos de Carácter de pel e cordóns Danza Española (4ºGE): Botas de flamenco Danza Contemporánea (4º GE): Camiseta negra e pantalón/ leggins negro largo. Calcetíns
GRAO PROFESIONAL		
	NENAS	NENOS
DCL	_Maillot negro, das seguintes características: Ter os hombreiros e o escote á vista, e non levará brilos, gasa, veludo nin encaixes _Medias de ballet de cor rosa _Zapatillas de ballet rosas de tela de sola partida	_Camiseta branca. _Malla negra. _Zapatillas brancas de tela e sola partida _Calcetín branco
DCO	Camiseta negra e pantalón negro largo. Calcetíns.	
*A PARTIR DE GRAO PROFESIONAL, OS MÉRCORES, O ALUMNADO DE AMBAS ESPECIALIDADES PODE TRAER VESTIMENTA DOUTRA COR QUE NON SEXA A DO UNIFORME.		
DCA (2ºGPA)	Zapatos de Carácter de tela e goma (Tacón alto)	Zapatos de Carácter de pel e cordóns